

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA E A CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓN S DE VALORIZACIÓN DO SECTOR MINEIRO GALEGO CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO SEU CENTENARIO

Santiago de Compostela,

REUNIDOS:

Dona María Jesús Lorenzana Somoza, en representación da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia (en diante CEI), nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril (DOG núm. 73 do 14.04.2024), no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

E doutra parte, dona Cecilia Trancón Loureiro, como presidenta da Cámara Oficial Mineira de Galicia (en diante COMG), entidade domiciliada na Coruña, rúa de Juana Capdevielle, nº2, segundo consta na acta da Xunta Directiva Extraordinaria celebrada o día 08/10/2024, para o nomeamento de cargos da COMG.

Ambas actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos deste convenio de colaboración e para o efecto,

EXPOÑEN:

Primeiro.- O artigo 48.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que as Administracións Públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poden subscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado, sen que iso poida supoñer cesión da titularidade da competencia, sinalando no seu apartado 3 que a subscripción de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.





Pola súa banda, o apartado 7 do mesmo artigo puntualiza que cando un convenio instrumento unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e na normativa autonómica de desenvolvemento.

Segundo.- O Decreto 140/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria, configura esta como o órgano da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal lle corresponde o exercicio de funcións en materia de planificación enerxética, recursos minerais e augas minerais e termais.

As competencias en materias de minas están atribuídas á Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Minas e a este centro directivo correspóndelle, en particular, o impulso de plans, programas, medidas e incentivos económicos orientados ao desenvolvemento, á innovación, ao incremento da competitividade e á internacionalización do sector mineiro de Galicia.

Terceiro.- O Regulamento de réxime interior da Cámara Oficial Mineira de Galicia de 30 de marzo de 2016 indica no seu artigo 2 alínea primeira que "A Cámara Oficial Mineira de Galicia é unha corporación de dereito público, sen ánimo de lucro, que se configura como órgano consultivo, de asesoramento e colaboración cos poderes públicos, especialmente coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, sometido á tutela da consellería da Xunta de Galicia con competencia en minería. Para o cumprimento dos seus fins e exercicio das súas funcións goza de personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar. A súa estrutura e funcionamento deberán ser democráticos e suxeitarse ás disposicións do presente Regulamento."

Segundo o artigo 3 do citado Regulamento de réxime interior, a COMG "ten como finalidade a representación, fomento, promoción e defensa dos intereses xerais da industria mineira en Galicia, con especial atención á compatibilización coa protección do medio ambiente, a integración social e territorial, a innovación, a formación e a seguridade e saúde laboral das actividades mineiras, así como a prestación de servizos aos seus socios. Así mesmo, exercerá as competencias de carácter público que lle atribúe a lexislación relativa ás Cámaras Oficiais Mineiras e as que lles poidan ser asignadas polas Administracións Públicas de acordo cos instrumentos que establece o ordenamento xurídico".

Cuarto.- O novo modelo industrial para conseguir unha economía descarbonizada e dixitalizada require de materias primas e procesos de produción eficientes. Por iso,





a industria das materias primas minerais desempeña un papel esencial como provedora das ditas materias, tanto primarias como secundarias.

Podemos dicir, polo tanto, que o sector mineiro é estratéxico en Galicia e clave para a economía galega, xa que proporciona materias primas a moitos dos sectores considerados fundamentais para a nosa economía.

Conscientes destes retos e da importancia do sector mineiro galego, a Xunta de Galicia aprobou a Axenda de impulso da minería sostible de Galicia 2030 (AMSG 2030), que pon o foco no tecido empresarial e produtivo galego, outorgándolle un papel protagonista para avanzar cara o fortalecemento do sector mineiro e o posicionamento de Galicia como o epicentro do sector.

Quinto.- Na situación descrita, a subscrición do presente convenio responde á necesidade estratéxica de fortalecer o papel do sector mineiro galego como motor de desenvolvemento económico, social e territorial, en plena sintonía cos principios da Axenda de Impulso da Minería Sostible de Galicia 2030 (AMSG 2030). O sector mineiro é fundamental para a economía galega pola súa contribución ao emprego, a innovación e o abastecemento responsable de materias primas fundamentais para o desenvolvemento industrial e a transición ecolóxica, dentro dun contexto de economía circular e de sustentabilidade.

O plan de actuacións recollido neste convenio ten por obxecto visibilizar o legado histórico e actual da minería galega, promover a modernización e o recoñecemento social do sector, así como dinamizar o diálogo con todos os axentes implicados: institucións, empresas e cidadanía. Todo isto a través de campañas de comunicación, actividades culturais, recoñecemento institucional e foros de participación social; iniciativas vencelladas aos eixos prioritarios de comunicación, gobernanza, responsabilidade social e valorización patrimonial definidas na AMSG 2030.

Sexto.- Pola súa parte, a COMG ven desenvolvendo nos último tempos un papel de vangarda actuando como aglutinadora dos diversos axentes económicos, sociais e institucionais arredor da iniciativa denominada Plataforma Minaría Sostible de Galicia; unha iniciativa para a promoción do sector mineiro a través da investigación e a divulgación, así como de promoción de actividades de fomento e posta en valor do patrimonio xeolóxico e mineiro de Galicia.

A maiores do anterior, a COMG reúne dous requisitos singulares e cualitativos para realizar con éxito as actividades descritas neste convenio: por un lado, ser a entidade máis representativa do sector tanto por número de membros como por





abranguer con carácter transversal a todos os subsectores do ámbito mineiro e, por outro, ter a natureza xurídica de corporación de dereito público e órgano consultivo da Administración que ten encomendado, en xeral, o fomento da industria mineira na Comunidade Autónoma de Galicia e, en particular, a compatibilización da actividade mineira coa protección do medio ambiente e a integración social e territorial.

As razóns expostas xustifican a dificultade da súa convocatoria pública e a súa concesión a través do procedemento de concesión directa.

Sétimo.- Por todo o anterior, as actuacións obxecto do convenio responden ao interese xeral e existen razóns de interese público, social e económico que xustifican, conforme ao artigo 19.4.c) e 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a colaboración da Xunta de Galicia, a través da CEI, no financiamento das ditas actuacións a través deste convenio para a concesión dunha subvención directa de carácter singular á COMG.

En consecuencia, as partes acordan subscribir este convenio de conformidade coas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto e descrición das actuacións

1.- Este convenio ten como obxecto regular a colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a Cámara Oficial Mineira de Galicia para o financiamento de actuacións de valorización do sector mineiro galego; dando visibilidade ao legado histórico e actual da minería galega, promovendo a modernización e o recoñecemento social do sector, así como dinamizando o diálogo con todos os axentes implicados.

2.- As actuacións obxecto do convenio son as que se describen a continuación, todas elas vencelladas aos obxectivos marcados na Axenda Galega de Impulso de Minería Sostible 2030.

a) Desenvolvemento dunha imaxe integral representativa do sector mineiro galego

O desenvolvemento dunha imaxe integral e representativa do sector mineiro galego constitúe unha acción clave para reforzar a proxección pública e





institucional da minaría en Galicia, mellorando a súa percepción social e facilitando unha comunicación efectiva das transformacións experimentadas polo sector. Esta actuación está completamente aliñada cos eixos estratéxicos da Axenda de Impulso da Minería Sostible de Galicia 2030 (AMSG 2030), especialmente co Eixo 8, dedicado á Comunicación e Difusión, así como cos Obxectivos Operativos que promoven a responsabilidade social, a gobernanza transparente e a mellora continua da reputación do sector.

A creación desta identidade visual unificada servirá de eixo vertebrador para todas as accións de comunicación promovidas pola Cámara Oficial Mineira de Galicia, integrando nunha única mensaxe os valores de sustentabilidade, innovación, modernidade e respecto pola tradición que define á minería galega do século XXI. Así, a iniciativa contribúe de maneira directa a:

- Eixo 8: Comunicación e difusión, impulsando a estratexia “Comunica Minería” para trasladar á sociedade e aos distintos públicos unha imaxe real, actualizada e crible do sector, visibilizando os seus avances en sustentabilidade e boas prácticas ambientais, laborais e sociais.
- Eixo 9: Gobernanza e instrumentos da Axenda, ao favorecer a transparencia e a relación coa contorna social, institucional e empresarial, xerando confianza e mellorando a “licenza social para operar” necesaria para o desenvolvemento mineiro sostible.
- Obxectivos Estratéxicos OE2 e OE3, ao fortalecer o talento humano, a responsabilidade social e poñer en valor o patrimonio mineiro de Galicia como aliado da transición ecolóxica e dixital.
- Obxectivos Operativos (OO2.3, OO3.3, entre outros), ao mellorar a cultura organizativa, atraer novo talento e comunicar de forma proactiva as oportunidades da economía circular, a modernización e a integración ambiental.

Como parte desta colaboración, realizaranse as seguintes actuacións:

- Unha análise exhaustiva do posicionamento en relación co contexto sectorial e territorial, co fin de identificar as fortalezas, oportunidades e necesidades específicas para configurar unha imaxe representativa e eficaz.
- Un estudo de casos de referencia para identificar boas prácticas aplicables que sirvan de inspiración e modelo na construción da imaxe sectorial.





- O desenvolvemento dun manual de aplicación de marca co fin de garantir a coherencia e uniformidade na aplicación desta imaxe, que incluíra as pautas básicas para o uso adecuado dos elementos gráficos, asegurando a súa correcta utilización en todos os soportes e materiais de comunicación.

- A definición do estilo da documentación vinculada ao desenvolvemento da comunicación sectorial, adecuándoa aos valores, principios e obxectivos da Axenda, e facilitando unha comunicación clara e profesional cara a todos os públicos.

Nesta liña, o deseño dunha imaxe sectorial renovada (que combine tradición histórica e identidade de futuro, co uso de elementos gráficos actuais e referencia explícita ao compromiso coa sustentabilidade) facilitará:

- O recoñecemento e posicionamento da minería galega a nivel estatal e internacional.
- A coherencia de todas as campañas sociais, divulgativas e institucionais promovidas desde os órganos representativos do sector.
- A conexión visual e conceptual entre as diferentes iniciativas estratéxicas, conferindo unidade, prestixio e valor á marca “Minería Galega Sostible”.

A aposta pola construción dunha identidade visual integral servirá de instrumento transversal para o logro dos obxectivos principais da Axenda 2030, facilitando a suma de vontades e fomentando unha percepción social positiva baseada nos logros e compromisos do sector coa sustentabilidade, a innovación e o desenvolvemento territorial inclusivo e responsable.

b) Exposición “Os tesouros da terra”

Unha exposición itinerante de prismas informativos nas rúas principais de catro cidades galegas da Coruña, Lugo, Ourense e Vigo. A temática da exposición é un paseo pola historia da minería en Galicia, vinculado ao labor levado a cabo desde o sector mineiro, a través de fotos, planos e textos explicativos. Contará con 8 prismas de forma triangular, dispoñendo dun total de 24 paneis informativos, cada un cunha temática diferente:

- Minería romana de estaño e ouro.
- Ferro, actividade mineira desde a prehistoria ao século XX.
- Estaño e wolframio no século XX. A febre do ouro negro.
- Augas termais e balnearios. A minería descoñecida.





- Rochas ornamentais: lousa e granito de Galicia para todo o mundo.
- Arxilas e cerámica. Da artesanía aos novos materiais.
- Áridos. A súa importancia na sociedade actual.
- A minería actual en Galicia.
- A Cámara Oficial Mineira de Galicia, cen anos revelando o valor da nosa terra.
- Transición e progreso, minerais estratéxicos. A minería do futuro.

O calendario de execución previsto para esta exposición itinerante esténdese desde o mes de xuño ata finais de outubro do presente ano, asegurando a súa correcta itinerancia e adecuación aos espazos urbanos seleccionados, preferentemente en zonas céntricas e de tránsito peonil significativo. Ao finalizar este calendario, a exposición permanecerá en formato portable para a súa posterior difusión.

A realización da exposición itinerante "Os Tesouros da Terra" ten como obxectivo principal achegar ao público xeral o valor histórico, cultural, económico e medioambiental da minería galega, resaltando a súa contribución ao desenvolvemento sostible da rexión. Esta acción educativa e divulgativa facilitará o coñecemento das distintas facetas do sector mineiro, desde o seu legado ata os seus avances tecnolóxicos e o seu papel na transición cara a unha economía verde.

Este proxecto enmárcase dentro do Eixo 8 - Comunicación e Difusión da AMSG 2030, cuxo fin é mellorar a percepción social do sector mediante campañas que transmitan a realidade e o compromiso da minería sostible en Galicia. Ademais, a exposición contribuirá ao Eixo 9 – Gobernanza, ao fomentar o diálogo, a transparencia e a participación cidadá, elementos básicos para a aceptación e lexitimidade do sector.

En sintonía cos obxectivos estratéxicos da Axenda, esta iniciativa:

- Apoia o Obxectivo Estratéxico 1 (OE1): Modernización e crecemento sostible do sector, ao promover unha imaxe renovada e positiva que impulse a competitividade e a integración sectorial.
- Reforza o Obxectivo Estratéxico 2 (OE2): Fortalecemento do talento e a responsabilidade social, fomentando o coñecemento público e o orgullo territorial asociado á minería galega.
- Contribúe ao Obxectivo Estratéxico 3 (OE3): Integración ambiental e valorización do patrimonio, ao divulgar prácticas responsables e resaltar o impacto positivo no territorio e na economía circular.





A nivel operativo, esta exposición facilitará a achega do sector á sociedade, mellorando a comunicación, xerando confianza e facilitando o acceso a información completa e veraz sobre as actividades mineiras. Así, apoiará os procesos de diálogo e participación que a Axenda propugna, creando un marco favorable para a colaboración e a aceptación social.

"Os Tesouros da Terra" pretende ser un vehículo para visibilizar o patrimonio mineiro e o seu presente sostible, aliñando á sociedade co futuro prometedor e responsable da minería en Galicia.

c) Elaboración, edición e impresión dun libro conmemorativo

Esta actuación representa unha acción fundamental para poñer en valor a traxectoria histórica e o legado da Cámara Oficial Mineira de Galicia como entidade representativa do conxunto do sector mineiro galego. Elaborarase e editarase un libro, do que se imprimirán 200 copias para a súa difusión, que recollerá os principais fitos e acontecementos que marcaron a evolución da minería en Galicia, desde as súas orixes históricas ata a actualidade, destacando a profunda influencia que esta actividade tivo no desenvolvemento económico, social e cultural da rexión.

Ademais, o contido incluírá un percorrido detallado pola historia da propia Cámara Oficial Mineira, cuxos primeiros pasos remóntanse á súa constitución en 1925, destacando tamén a creación e desenvolvemento da Plataforma Minería Sostible de Galicia, que contribuíu decisivamente a impulsar a innovación, a sustentabilidade e a modernización do sector. Poñeranse especial énfase nas achegas de persoas relevantes ao longo da súa historia, como o científico Isidro Parga Pondal e as diferentes presidencias que guiaron a organización.

Esta actuación aliñase cos principais eixos e obxectivos estratéxicos da Axenda de Impulso da Minería Sostible de Galicia 2030:

En primeiro lugar, intégrase no Eixo 8 dedicado á Comunicación e Difusión, ao converterse nunha ferramenta crucial para promover o coñecemento do sector mineiro, a súa historia e desenvolvemento, xerando recoñecemento tanto a nivel local como internacional e reforzando a imaxe pública e social do sector como un actor comprometido coa sustentabilidade.

Así mesmo, a iniciativa conecta co Eixo 9 orientado á Gobernanza e os instrumentos da Axenda, xa que, ao poñer en valor a riqueza patrimonial histórica e cultural do sector e da propia Cámara, fortalece os lazos de confianza entre a administración, as empresas e a sociedade, favorecendo unha xestión máis transparente e participativa.





Por outra banda, esta actuación responde o Obxectivo Estratéxico OE2 que incide no fortalecemento do talento e a responsabilidade social, promovendo a través do libro un sentimento de pertenza e orgullo entre os profesionais e empresas do sector, o cal contribúe a reforzar a identidade colectiva e o compromiso cun modelo de minería sostible e responsable socialmente.

Finalmente, vincúlase co Obxectivo Estratéxico OE3 centrado na integración ambiental e a valorización do patrimonio, ao destacar nos seus contidos a importancia da conservación ambiental e cultural do legado mineiro, vencellado coa visión de futuro sostible que caracteriza á Axenda 2030.

Esta relación garante que a edición e difusión deste libro conmemorativo non só contribúe á memoria histórica do sector, senón que tamén impulsa a súa visibilidade, aceptación social, innovación e desenvolvemento sostible en consonancia coas metas estratéxicas da comunidade galega.

A publicación servirá tamén como un legado documental que acompañará o proceso de modernización e cambio do sector, sendo un referente para a formación, a divulgación e a sensibilización. Espérase que, ademais da súa distribución institucional, o libro contribúa a sensibilizar ao público xeral e a promover o coñecemento da riqueza mineira de Galicia e o seu papel como motor de desenvolvemento.

d) Colaboración no evento deportivo OCR SAMURAI XTREME RACE

O obxecto da presente actuación é divulgar e fomentar a importancia da minería, os recursos minerais na vida cotiá e o desenvolvemento sostible, a través dunha carreira participativa e educativa, a Samurai Xtreme Race, desenvolvida nun espazo mineiro rehabilitado como é o Lago das Pontes.

A Cámara promoverá por medio desta colaboración dar visibilidade e concienciar da importancia da minería en todos os ámbitos da vida diaria, así como mostrar o compromiso do sector coa protección do medio ambiente e cunha minería sostible.

Para axudar á consecución destes obxectivos, levarán a cabo as seguintes actividades:

1. Visibilidade On-Site e Dixital:

- Inclusión na Samurai Xtreme Race do logotipo da Xunta de Galicia e da Cámara Mineira e/o do Centenario da Cámara Mineira de Galicia en materiais físicos e dixitais: obstáculo tematizado, photocall, carpas, material promocional e redes sociais.





- Presenza destacada na web oficial da Samurai Xtreme Race e comunicacións do evento.

2. Colaboración en Comunicación e Difusión:

- Produción e difusión de contidos audiovisuais en redes sociais e medios dixitais do evento deportivo.

- A Cámara Mineira comprométese a proporcionar material audiovisual adicional para reforzar a comunicación da Samurai Xtreme Race.

3. Responsabilidade Social Corporativa (RSC):

- Asociación da Cámara Mineira coa Samurai Junior Race e a Fundación Degén, destacando o seu compromiso social.

A colaboración co evento deportivo OCR Samurai Xtreme Race representa unha oportunidade innovadora para vincular a minería galega coa promoción de valores deportivos como a superación, a solidariedade, a disciplina e o respecto polo medio ambiente.

Ao participar e impulsar esta carreira, a Cámara Oficial Mineira de Galicia contribúe a visibilizar a importancia do sector mineiro na vida cotiá e na economía local, destacando o seu compromiso coa sustentabilidade e a rehabilitación ambiental de espazos mineiros.

Esta actuación alíñase cos eixos estratéxicos da Axenda de Impulso da Minería Sostible de Galicia 2030, especialmente co Eixo 8 de Comunicación e Difusión, que busca fortalecer a comunicación do sector a través de canles innovadoras e a conexión directa coa sociedade. Ademais, reforza o Eixo 3 sobre a Mellora da Sustentabilidade Sectorial, vinculando a promoción do deporte coa conciencia ambiental e social.

En canto aos obxectivos estratéxicos, a colaboración apoia o OE2 sobre o Fortalecemento do Talento e a Responsabilidade Social, xa que fomenta a promoción de estilos de vida saudables e valores positivos que poden inspirar ao colectivo mineiro e á poboación en xeral. Así mesmo, contribúe ao OE3 de Integración Ambiental e Valorización do Patrimonio, ao asociar a minería coa recuperación ambiental e o respecto cara á contorna natural, sensibilizando sobre a importancia dun desenvolvemento responsable.





e) Espazos de diálogo. “Diálogos sobre o pasado, presente e futuro de Galicia”

A Cámara Oficial Mineira de Galicia organiza un ciclo de encontros que se desenvolverán nas principais cidades da nosa comunidade para analizar o pasado, presente e futuro de Galicia. Serán encontros para dialogar sobre os retos do territorio e analizar a situación nalgúns dos sectores estratéxicos da comunidade. Darase voz a decisores e actores clave do sector empresarial e académico.

Ademais de ter como fío condutor a evolución de Galicia, tratarase tamén a estreita relación do deseño, a tecnoloxía e o liderado empresarial co sector dos recursos naturais galegos.

Propostas de temas para as xornadas:

“Galicia en pedra: arte e oficio”

O encontro busca abordar, por unha banda, como a pedra natural galega exerce de motor creativo nos ámbitos da arte, o deseño e a comunicación visual, revalorizando a súa identidade e estética tanto non ámbito local como internacional; e, pola outra, como os oficios tradicionais vinculados á pedra natural se proxectan cara ao futuro a través da innovación técnica, a formación especializada e o deseño sostible.

“Liderazgo empresarial no deporte galego”

O encontro xirará ao redor da experiencia das relatoras como líderes de empresas galegas do sector primario, cun estreito vínculo co seu territorio, que tamén ocupan cargos de alta responsabilidade en clubs deportivos galegos. A idea é abordar como xestionan ese dobre rol, os retos que implica, as sinerxías que atopan entre ambas facetas, así como a súa visión sobre o papel da empresa no deporte galego.

“Investigación espacial con selo galego”

O encontro busca resaltar os logros dos galegos no campo da investigación espacial e a súa importante contribución ao avance da ciencia, nun momento no que o espazo consolídase como unha das grandes fronteiras do coñecemento. Ademais, o obxectivo deste diálogo é poñer en valor o papel fundamental do sector mineiro como garante dos recursos que fan posible a exploración espacial e o progreso tecnolóxico global.

“A pegada galega na transformación dixital”

O encontro busca reflexionar ao redor da investigación tecnolóxica, a transformación dixital e a Intelixencia Artificial. O obxectivo é destacar a





importancia da innovación nestes ámbitos para o desenvolvemento futuro, poñendo de manifesto a necesidade de contar con certa independencia estratéxica de materias primas dentro da Unión Europea para alcanzar o pleno desenvolvemento destas tecnoloxías.

Estes diálogos configúranse como un foro estratéxico para avanzar cara unha minería sostible, integrada no seu territorio e socialmente comprometida, fomentando a participación cidadá e o desenvolvemento compartido coa sociedade galega. Deste xeito, responden a diferentes eixos estratéxicos da AMSG 2030 relacionados coa comunicación, a gobernanza e a cohesión social. O obxectivo é xerar un espazo aberto onde se poidan abordar temas clave do pasado histórico da minería en Galicia, as realidades e desafíos actuais, e visións innovadoras sobre o seu futuro no marco da transición ecolóxica e dixital.

A dinámica participativa e pluralista do proxecto contribúe a fortalecer a confianza e a colaboración entre axentes públicos, empresas, comunidades locais e sociedade civil, impulsando así unha gobernanza transparente e unha interlocución efectiva, conforme os preceptos do Eixo 9 da Axenda. Así mesmo, estes espazos promoven o recoñecemento do valor social e cultural da minería, en sintonía coa procura dun desenvolvemento económico inclusivo e respectuoso co medio ambiente.

En termos de impacto, estes diálogos facilitan a divulgación de boas prácticas, a identificación de necesidades formativas e a sensibilización sobre a importancia dun sector mineiro innovador e responsable. Son ademais un instrumento esencial para consolidar unha relación positiva e realista, desafiar prexuízos e mellorar a percepción pública, elementos vitais para o éxito da implantación da Axenda 2030.

f) Recoñecementos Cámara Oficial Mineira de Galicia

A Cámara Oficial Mineira de Galicia organizará un evento de recoñecemento dirixido ás personalidades e entidades que impulsaron o desenvolvemento e o potencial do sector mineiro galego ao longo da súa historia. Este acto destaca pola súa relación co Eixo 8 da Axenda de Impulso da Minería Sostible de Galicia 2030, ao promover a comunicación, a difusión e a visibilidade do sector como motor de innovación, sustentabilidade e valor social.

O evento reunirá aos principais axentes do sector, institucións, empresas asociadas e colaboradores que contribuíron decisivamente á consolidación da Cámara como un órgano consultivo e representante lexítimo do sector mineiro en Galicia. Durante a xornada, celebrarase un acto protocolario no que se realizará un percorrido histórico polo pasado, presente e futuro da minería galega, resaltando os logros, retos superados e perspectivas de desenvolvemento sostible. Neste





marco, outorgaranse galardóns e recoñecementos a figuras destacadas que deixaron unha pegada significativa no sector, tanto no ámbito técnico, empresarial, social ou institucional.

Esta celebración contribúe a fortalecer a identidade sectorial e o compromiso cunha minería responsable, vencellada cos obxectivos estratéxicos da Axenda 2030, reforzando a imaxe do sector como aliado fundamental na transición ecolóxica e dixital de Galicia, cun firme compromiso social e ambiental.

Con esta iniciativa, a Cámara Oficial Mineira reafirma o seu papel como nodo de referencia e articuladora do sector, promovendo a excelencia, a innovación e a sustentabilidade, e propiciando un espazo de recoñecemento que pon en valor o esforzo e a contribución de todos os axentes vinculados á minería galega.

Segunda.- Interese público concorrente

Nos termos descritos na parte expositiva, as actuacións descritas na cláusula anterior, consoantes coas finalidades da COMG, teñen como obxectivo último a promoción e o recoñecemento social do sector mineiro de Galicia.

Terceira.- Custo das actuacións

1.- O custo total das actuacións obxecto do convenio estímase en **CENTO VINTE MIL EUROS (120.000 €)**, IVE incluído, o cal se detalla a continuación por tipos de actuacións:

TIPOS DE ACTUACIÓNS	ORZAMENTO
a) Imaxe integral do sector mineiro galego	11.000 €
b) Exposición "Os tesouros da terra"	27.000 €
c) Elaboración, edición e impresión dun libro conmemorativo	17.000 €
d) Colaboración no evento deportivo OCR SAMURAI XTREME RACE	11.000 €
e) Espazos de diálogo	24.000 €
f) Recoñecementos Cámara Oficial Mineira de Galicia	30.000 €
TOTAL CONVENIO 2025	120.000 €





2.- Calquera modificación das cláusulas deste convenio deberá ser solicitada á CEI, quen decidirá sobre a súa procedencia, e no caso de aceptarse levarase a cabo a súa formalización mediante a correspondente addenda, consonte ao artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sen prexuízo do anterior e sen necesidade de instar o procedemento de modificación do convenio, poderanse aceptar variacións nas partidas de gasto das liñas de actuación coa limitación do 20 %, é dicir, admitirase como válido o gasto da cantidade concedida para cada tipoloxía de actuacións máis un desvío producido como máximo do 20%, sempre que non aumente o importe total do gasto aprobado e que non se desvirtúen as características das actuacións.

Cuarta.- Obrigas da Consellería de Economía e Industria

1.- Para o financiamento dos gastos que xeren as actividades obxecto deste convenio que se recollen na cláusula primeira, a Xunta de Galicia, a través da CEI, achegará con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2025, ata un máximo de **CENTO VINTE MIL EUROS (120.000,00 €)** con cargo á aplicación orzamentaria **09.04.734A-780.0**, proxecto 2023/00004, na que existe crédito adecuado e suficiente para tal fin.

2.- No suposto de que se produzan variacións á alza no custo final total das actuacións, calquera que sexa a causa, as ditas variacións serán asumidas integramente pola COMG, sen que en ningún caso a obriga de financiamento da CEI poida exceder da cantidade de 120.000,00 €.

3.- No suposto de que se produzan variacións á baixa no custo final das actuacións derivadas de procedementos de contratación ou doutras causas, a achega da CEI non superará o custo final das actuacións nin excederá de 120.000,00 €.

Quinta.- Carácter da achega

De conformidade co disposto polos artigos 19.4 e 26 da Lei de 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega referida na cláusula anterior, constitúe unha subvención polo procedemento de concesión directa que se instrumenta a través deste convenio.





Sexta.- Obrigas específicas da COMG

1.- Á COMG correspóndelle realizar todas as actuacións necesarias para a execución das actuacións obxecto deste convenio e cumprir as condicións e obrigas recollidas nel.

2.- Co obxecto de garantir a adecuada execución do convenio asumirá a dirección das actuacións e asignará os medios humanos e materiais que sexan necesarios e, no seu caso, poderá subcontratar ata o 100% dos servizos precisos para desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira do convenio, asumindo expresamente o contido dos límites e deberes establecidos no artigo 27 da Lei de 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e de conformidade coa normativa reguladora da contratación do sector público.

3.- Sen prexuízo das demais obrigas especificadas nas cláusulas deste convenio, así como das obrigas que resulten da lexislación orzamentaria, de subvencións e da restante normativa aplicable, a COMG comprométese a executar as actuacións descritas na cláusula primeira nos termos seguintes:

- a) Destinar os fondos que perciba ao obxecto concreto deste convenio no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2025 e o 16 de decembro de 2025.
- b) Xustificar ante a Xunta de Galicia o cumprimento do convenio e a execución das actuacións que constitúen o obxecto deste así como o seu custo real, no tempo e na forma establecidas neste convenio.
- c) As restantes obrigas que resulten aplicables recollidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo das cláusulas deste convenio.

Sétima.- Obrigas previas á sinatura do convenio

Con carácter previo á subscripción deste convenio, a COMG acreditará, ante a CEI, o seguinte:

1.- Que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e que non ten pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, tal e como se contempla no artigo 11.e) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2.- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





3.- Declaración responsable de non ter solicitadas axudas ou, no seu caso, das que teña solicitadas, así como das concedidas por outras administracións públicas ou por calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, para as actividades obxecto deste Convenio. A declaración presentada acompañarase do Anexo III.

Oitava.- Gastos subvencionables

Consideraranse subvencionables os gastos que de xeito indubidable respondan á natureza das actividades obxecto deste convenio, estean directamente relacionados co obxecto das actuacións financiadas, se correspondan coas actividades relacionadas nos epígrafes da cláusula primeira para cada actuación e se realicen dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2025 e o 16 de decembro de 2025.

Considerarase gasto realizado o efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Os gastos axustaranse ao disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, prestación do servizo ou entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realice con anterioridade á sinatura do presente convenio.

O gasto derivado da revisión da conta xustificativa á que se fai referencia na cláusula décimo terceira ten a condición de gasto subvencionable e para os efectos deste convenio terá a consideración de gasto directo.

Os gastos figurarán desagregados, por tipo de actuación e por actividades concretas, segundo o cadro 1 do anexo I do texto deste convenio.

Os gastos indirectos nos que incorra a COMG en execución deste convenio non terán a consideración de gasto subvencionable.





O imposto sobre o valor engadido considerarase subvencionable cando non sexa susceptible de recuperación ou compensación por parte da COMG.

Novena.- Obtención doutras subvencións ou recursos.

En aplicación do artigo 17 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia a percepción desta axuda será compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos, ou recursos para as mesmas finalidades, procedentes de calquera Administración pública ou entes públicos ou privados, nacionais, internacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

En calquera caso o importe da axuda a percibir en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras, supere o custo total do investimento que se considere subvencionable.

A COMG deberá comunicar á CEI a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades obxecto do convenio, así como a modificación das circunstancias que fundamentaran a súa sinatura.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se teña coñecemento das anteriores circunstancias e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos. A declaración que se efectúe detallarase para cada actividade concreta que se inclúa en cada tipoloxía de actuacións.

Décima.- Facultades de inspección e control

1.- Sen prexuízo do disposto no artigo 60.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a CEI poderá levar a cabo as actividades de inspección e comprobación que considere oportunas para controlar o cumprimento do obxecto e das obrigas deste convenio.

2.- Alén do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia. Así mesmo, a entidade beneficiaria estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas. Para estes efectos, a COMG deberá prestar a súa colaboración e facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións.





Undécima.- Transparencia e publicidade da colaboración

1.- As partes asinantes deste convenio consenten expresamente o tratamento dos datos relevantes deste convenio, incluídos os datos de carácter persoal e mailo resto das especificacións contidas nel, así como a súa publicación no Diario Oficial de Galicia e/ou na páxina web da CEI, de acordo co establecido na normativa reguladora das subvencións e na normativa sobre transparencia e goberno aberto, coas excepcións previstas no artigo 15.2º d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como na Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

2.- Do mesmo xeito, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, as partes asinantes deste convenio consenten expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes nos rexistros públicos que proceda.

3.- En toda a información e publicidade das actividades obxecto deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración da CEI e utilizarase, cando proceda, a imaxe corporativa institucional da Xunta de Galicia.

Duodécima.- Relación laboral coa consellería

A subscrición deste convenio non leva consigo relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actuacións obxecto deste convenio e a Xunta de Galicia, de maneira que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio

Décimo terceira.- Conta xustificativa

1.- A COMG terá de prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención ata o 16 de decembro de 2025.

2.- A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos neste convenio realizarase mediante a presentación por parte da COMG da seguinte documentación:

- Declaración responsable do representante legal da entidade ou da persoa que teña atribuídas as facultades para o rendemento da conta xustificativa, do cumprimento da finalidade do convenio e da aplicación dos fondos destinados para tal efecto.





- Declaración responsable do rendemento da conta xustificativa, segundo o modelo recollido no Anexo I, que inclúa o seguinte:

- Memoria xustificativa das actuacións desenvolvidas, asinada polo representante da entidade, que certificará a veracidade do consignado, na que se especificarán en detalle as actividades concretas realizadas e os resultados obtidos, así como a súa relación directa cos gastos realizados na execución das actuacións financiadas, conforme á desagregación orzamentaria establecida na cláusula terceira do convenio. En particular, achegarase un listado por cada tipo de actuación subvencionada coa relación das actividades concretas realizadas.

Incluirá a xustificación sobre o impacto da axuda de cara á consecución da finalidade perseguida e do cumprimento dos obxectivos do convenio.

No seu caso, achegarase material gráfico, folletos, programas, fotografías ou calquera entregable que se deriven ou se elaboren con ocasión do desenvolvemento das actividades.

- Memoria económica abreviada xustificativa do custo das actividades realizadas ao abeiro deste convenio que conterá unha relación clasificada das actividades realizadas e dos gastos e investimentos de cada actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento. Esta táboa virá asinada e selada polo responsable legal da entidade. Os gastos figurarán ordenados e desagregados por actividade e entregarase en formato dixital, como folla de cálculo, de acordo aos modelos establecidos no anexo I. En follas de cálculo aparte figurarán as relacións de gastos correspondentes ás axudas concedidas compatibles con este convenio, así como a porcentaxe de imputación segundo o anexo I.
- Informe dun auditor de contas inscrito como exercente no Rexistro Oficial de Auditores de Contas, dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, para cuxa comprobación se entregará xunto coa documentación xustificativa certificación rexistral de tal extremo.

O nomeamento do auditor farase por parte da COMG. No caso de que a entidade beneficiaria estea obrigada a auditar as súas contas anuais poderá nomear ao mesmo auditor encargado das contas anuais ou a un terceiro inscrito no ROAC.

O gasto derivado da revisión da conta xustificativa ten a condición de gasto subvencionable.





A actuación profesional do auditor de contas someterase ao disposto nas normas de actuación aprobadas mediante Orde EHA/1434/2007, do 17 de maio, pola que se aproba a norma de actuación dos auditores de contas na realización dos traballos de revisión de contas xustificativas de subvencións, no ámbito do sector público estatal, previstos no artigo 74 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado mediante Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, así como as pautas establecidas no anexo II deste convenio.

O informe de auditoría alcanzará a totalidade dos xustificantes acreditativos dos gastos elixibles, así como a súa correcta emisión e contabilización. Se por calquera circunstancia, o auditor non puidese realizar na súa totalidade os procedementos previstos na Orde EHA/1434/2007, do 17 de maio, mencionaranse os procedementos omitidos con indicación da súa causa.

Deberá incluír mención a que o beneficiario facilitou tanta información lle solicitou o auditor para realizar o traballo de revisión. No caso de que o beneficiario non facilitase a totalidade da información solicitada, mencionarse tal circunstancia con indicación da información omitida.

Así mesmo, incluírá o resultado das comprobacións realizadas, mencionando os feitos observados que puidesen supoñer un incumprimento por parte do beneficiario da normativa aplicable ou das condicións impostas para a percepción da subvención, debendo proporcionar a información co suficiente detalle e precisión para que o órgano xestor poida concluír respecto diso.

- Declaración responsable do representante legal da entidade, asumindo o compromiso de custodiar a documentación xustificativa orixinal detallada nas relacións de gastos durante o período que resulte da aplicación do artigo 11.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e achegala cando sexa requirida polo órgano concedente para a revisión e control da xustificación da subvención e, no seu caso, pola Intervención no marco das súas actuacións de control financeiro, ou polo tribunal de contas para a actuación prevista na súa lexislación específica en relación coas subvencións concedidas.
- Declaración responsable de non ter solicitadas axudas ou, no seu caso, das que teña solicitadas, así como das concedidas por outras administracións públicas ou por calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, para as actividades obxecto deste Convenio. A declaración presentada acompañarase do Anexo III.





- Certificados de que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e que non ten pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, tal e como se contempla 11.e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración responsable relativa á titularidade da conta onde se debe realizar o pagamento.
- Declaración responsable relativa á situación da entidade en relación ao imposto sobre o valor engadido (IVE).

Os órganos competentes da CEI poderán solicitar as aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que consideren convenientes.

Décimo cuarta.- Pagamento

1.- O pagamento da achega económica da CEI realizarase, de conformidade co artigo 60 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo importe máximo e coas condicións establecidas na cláusula terceira deste convenio.

2.- Dada a natureza dos gastos subvencionables, prevese a posibilidade da realización de pagamentos a conta. A COMG poderá facer unha única solicitude de pagamento a conta, con data límite o 1 de novembro de 2025. O importe solicitado aboarase tendo en conta exclusivamente os gastos correctamente xustificadas e non superará a porcentaxe do 80% destes.

3.- A realización de pagamentos a conta está suxeita ao réxime de garantías regulado no artigo 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En concreto, a garantía deberá cubrir o 110% do importe das cantidades aboadas a conta con independencia do prazo previsto para a xustificación establecido no presente convenio.

Décimo quinta.- Perda do dereito ao cobramento

Segundo o disposto no artigo 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, producirase a perda do dereito da COMG ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou no suposto de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da antedita Lei que resulten aplicables.





Décimo sexta.- Reintegros

Procederá o reintegro parcial ou total das cantidades percibidas xunto cos xuros de demora correspondentes, de conformidade co procedemento establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia, nos supostos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia que resulten aplicables e, ademais, nos seguintes supostos:

- a) Sempre e cando o cumprimento polo beneficiario se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e se acredite por este unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, procederá o reintegro parcial segundo os seguintes criterios:
 - O incumprimento dos obxectivos parciais ou actividades concretas da actuación levará a devolución daquela parte da axuda destinada ás mesmas.
 - A realización de gastos fóra do prazo de execución, suporá a devolución das cantidades investidas fora de prazo.
 - A non presentación das correspondentes xustificacións, de acordo co establecido na cláusula décimo terceira deste convenio, levará a devolución das cantidades percibidas e non xustificadas, logo do requirimento establecido no punto 2, artigo 45 do Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- b) Incumprimento das obrigas da COMG recollidas ao longo deste convenio, cando así se estableza.
- c) No caso de que tivera lugar a concorrencia doutras axudas que puideran superar o custo das actuacións, a achega da CEI minorarase na cantidade correspondente. O beneficiario, de ser o caso, terá que reintegrar as cantidades correspondentes e os xuros de demora dende o momento do pago da axuda.

Décimo sétima.- Comisión de seguimento

1.- A comisión de seguimento estará formada por un representante da CEI e un representante da COMG.

A comisión rexerese polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

2.- As funcións da comisión serán:





- a) Facilitar a coordinación entre as partes asinantes
- b) Seguimento da execución do obxecto do convenio e do cumprimento das súas cláusulas
- c) Interpretación do convenio e resolución de dúbidas
- d) Proposta, de ser o caso, de addendas
- e) Calquera outras relacionadas co desenvolvemento e bo fin deste convenio

Décimo oitava.- Extinción do convenio e causas de resolución

1.- Este convenio extínguese polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

2.- Son causas de resolución deste convenio:

- a) O incumprimento total ou parcial do obxecto do convenio así como o incumprimento de calquera das cláusulas e obrigas establecidas nel.
- b) O acordo unánime das partes asinantes
- c) A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
- d) Calquera outra causa previstas nas leis

De resolverse o convenio, a CEI poderá esixir o reintegro das cantidades achegadas, de ser o caso.

Décimo novena.- Vixencia do convenio

1.- Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e esténdese ata o 31 de decembro de 2025. Consonte ao recollido no apartado 3.a) da cláusula sexta, admitiranse actividades anteriores á súa sinatura levadas a cabo dende o 1 de xaneiro de 2025.

2.- Este convenio é susceptible de prórroga sempre que, antes da finalización do prazo previsto no parágrafo anterior, as partes asinantes tramiten e subscriban a correspondente addenda.

Vixésima.- Natureza xurídica e réxime xurídico

1.- Este convenio ten natureza administrativa de conformidade coa Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola





que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, en virtude do establecido nos seus artigos 4 e 6, sen prexuízo da aplicación dos principios do devandito texto legal para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

2.- Este convenio rexerá polas súas propias cláusulas e está suxeito ao disposto no Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares publicado mediante a resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril), así como ao disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

3.- En todo o non previsto expresamente neste convenio, o réxime da subvención que a través del se instrumenta será o establecido nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento que a desenvolve; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento autonómico que a desenvolve, así como nas demais normas de dereito administrativo.

4.- As discrepancias que xurdan pola aplicación deste convenio serán resoltas, logo do informe ou proposta da comisión de seguimento, pola CEI, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

Lido este documento e en proba de conformidade, asíñase polas partes na data indicada na sinatura dixital deste documento.

A conselleira de Economía e Industria

María Jesús Lorenzana Somoza

A presidenta da Cámara Oficial
Mineira de Galicia

Cecilia Trancón Loureiro





ANEXO I

MODELO DE CONTA XUSTIFICATIVA DA APLICACIÓN DOS FONDOS CONCEDIDOS AO ABEIRO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA E A CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS DE VALORIZACIÓN DO SECTOR MINEIRO GALEGO CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO SEU CENTENARIO

D., como representante da COMG con NIF
endereço en e beneficiaria do
Convenio de Colaboración coa Consellería de Economía e Industria por un importe
de €, declara baixo a súa responsabilidade ter realizado un gasto por
importe de€ e, en cumprimento do disposto na cláusula décimo
terceira do devandito convenio, rende ante a dita Consellería a conta xustificativa
do gasto realizado composto por unha **Memoria de Actuacións** e unha **Memoria
Económica abreviada** xustificativa do custo das actividades realizadas que inclúe o
Cadro 1, así como o correspondente **Informe de Auditor**.

En....., a de de 2025





CADRO 1: RELACIÓN DE GASTOS DIRECTOS (EXCEPTO PERSOAL PROPIO)

Nome do beneficiario:

NIF do Beneficiario:

Orzamento subvencionable

Tipo de actuación:

REF. (1)	Nome da actividade	Descrición do gasto (2)	Provedor	N.I.F. Provedor	Nº. Factura	Data emisión factura	Data pagamento factura	Importe neto factura	IVE (3) (non repercutible)	Custo total (IVE incluído)	Importe pagado
1											
2											
3											
4											
5											
6											
7											
8											
....											
TOTAL PÁXINA											

NOTAS explicativas:

1. Achegaranse os documentos segundo esta orde de referencia
2. Incluirase unha explicación clara e comprensiva do gasto imputado
3. IVE non repercutible soportado polo Beneficiario

Sinatura representante legal e selo entidade beneficiaria





ANEXO II: PAUTAS A SEGUIR POLO AUDITOR PARA A REALIZACIÓN DA REVISIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA

A.- PROCEDEMENTOS

O auditor debe aplicar os procedementos recollidos no artigo 3 do anexo da Orde EHA/1434/2007, do 17 de maio. Resúmense a continuación:

1. Procedementos de carácter xeral:

- a) Comprensión das obrigas impostas ao beneficiario.
- b) Solicitud da conta xustificativa. Comprobación dos elementos da conta xustificativa, e da competencia da persoa que a subscribe para iso.
- c) Informe de auditoría e comunicación co auditor de contas. Se o auditor é diferente do que auditou as contas anuais da entidade, exame da devandita auditoría para coñecer se contén algunha excepción que puidese condicionar o traballo de revisión.

2. Procedementos específicos relativos á conta xustificativa:

1. Revisión da Memoria de actuación, o auditor deberá analizar o contido da dita memoria e estar atento, ao longo do seu traballo, ante a posible falta de concordancia entre a información contida nesta memoria e os documentos que serviran de base para a realización da xustificación económica.

Igualmente, levará a cabo a comprobación da efectiva realización polo beneficiario das actividades subvencionadas, para o que deberá proceder a verificar a existencia dalgún tipo de soporte documental, á revisión de datos obxectivamente contrastables, á inspección física dos elementos tanxibles, ou outros que, atendendo a o seu criterio profesional, estime necesarios.

2. Memoria económica abreviada.

- a) Que a información económica contida na memoria está soportada por unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade subvencionada, con identificación do acredor e da factura, o seu importe, data de emisión e a data de pago.
- b) Que a entidade dispón de documentos orixinais acreditativos dos gastos xustificandos e do seu pago e que os devanditos documentos foron reflectidos nos rexistros contables.
- c) Que os gastos e investimentos que integran a relación cumpren os requisitos para ter a consideración de gasto subvencionable, conforme ao establecido no artigo 29 da Lei de subvencións de Galicia.
- d) Cando se imputaran custos indirectos seguindo o previsto no artigo 83.3 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, o auditor comprobará que a súa contía non





supera aquela que resulte de aplicar ao custo total a fracción que establezan as bases reguladoras da subvención. Se os custos indirectos imputados responden a un sistema de repartición, o auditor solicitará do beneficiario unha declaración respecto da súa natureza, contía e criterios de repartición que se anexará ao informe. Sobre a base desta información avaliarase a adecuación desta imputación. Tamén se comprobará que o seu importe se atopa desagregado adecuadamente na conta xustificativa

e) Que a entidade dispón de ofertas de diferentes provedores, nos supostos previstos no artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, e dunha memoria que xustifique razoablemente a elección do provedor, naqueles casos en que non recaese na proposta económica máis vantaxosa.

f) Que se clasificaron correctamente, de acordo co contido do convenio, os gastos e investimentos na Memoria económica, especialmente naqueles casos en que o beneficiario se comprometera a unha concreta distribución destes.

g) Que se solicitou do beneficiario unha declaración das actividades subcontractadas, con indicación dos subcontractistas e importes facturados. A dita declaración incluírá unha manifestación do beneficiario respecto das situacións previstas nos apartados 4 e 7 do devandito artigo. De non estar permitida a subcontractación, a declaración do beneficiario conterá unha manifestación de non atoparse incurso no incumprimento desta prohibición.

O auditor comprobará, ao longo da súa revisión, a concordancia da información contida nesta declaración, co obxecto de comprobar a súa concordancia co resto de información ou documentación utilizada polo auditor para a execución dos procedementos contemplados nesta norma.

h) Que se produce a necesaria coherencia entre os gastos e investimentos xustificadas e a natureza das actividades subvencionadas.

3. Solicitude ao beneficiario dunha declaración relativa ao financiamento da actividade subvencionada.

O auditor analizará a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, a efectos de determinar a posible incompatibilidade e, no seu caso, o exceso de financiamento.

4. Revisión do certificado de taxación de bens inmobles, no seu caso.

5. Comprobación da carta de reintegro de remanentes, de selo caso.

6. Carta de manifestacións.

Ao termo do seu traballo o auditor solicitará á entidade beneficiaria unha carta, asinada pola persoa que subscribiu a conta xustificativa, na que se indicará que se informou ao auditor acerca de todas as circunstancias que poidan afectar á correcta percepción, aplicación e xustificación da subvención. Tamén se incluírán as manifestacións que sexan





relevantes e que sirvan de evidencia adicional ao auditor sobre os procedementos realizados.

7. Outros procedementos.

Ademais comprobará:

- O informe do auditor conterá un pronunciamento sobre a existencia dun sistema de contabilidade separada para os gastos obxecto da subvención.
- O informe recollerá mención expresa sobre a comprobación da elixibilidade do IVE e de selo caso, a imputación do IVE de acordo coa porcentaxe resultante da declaración do rateo do IVE (modelo 390).
- No caso de que ao beneficiario lle fose de aplicación a normativa en materia de contratación do Sector Público, o seu cumprimento.
- Execución por membros asociados ou vinculados. No caso de que os membros asociados ao beneficiario executen total ou parcialmente as actividades obxecto de convenio en nome e por conta deste e así estea establecido no convenio, conforme ao establecido no artigo 8.2 da Lei de subvencións de Galicia, o informe do auditor recollerá:
 1. A verificación do cumprimento do establecido no artigo 28.8 da Lei de subvencións de Galicia.
 2. Achegar á información económica da Memoria co conseguinte detalle de gastos e investimentos nos que incorreron os membros asociados para levar a cabo a actividade subvencionada, coa mesma desagregación e formato que se lle esixe ao beneficiario principal.

B.- ANÁLISE DOS DATOS

As comprobacións efectuaranse sobre o **100% dos gastos e pagos** incluídos na relación de gastos e pagos.

• Aspectos a analizar:

a) En canto ás facturas e outros documentos acreditativos do gasto:

3. Que as facturas e xustificantes de gasto cumpren os requisitos, de acordo co establecido no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.
4. Que as datas de emisión estean incluídas no prazo de realización da actuación segundo o convenio de colaboración.
5. Deberá comprobarse que o beneficiario procedeu ao estampillado de todas as facturas orixinais pagadas ou documentos de valor probatorio equivalente que se inclúen na relación de gastos. O estampillado incluirá a porcentaxe de financiamento da Xunta de Galicia.





b) En canto aos pagos:

6. Que os pagos están realizados dentro do prazo de xustificación establecido no convenio.
7. Non se admiten os pagamentos en efectivo.
8. Os xustificantes bancarios de pagamento deben coincidir exactamente co importe da factura, IVE incluído. No caso de que o importe reflectido no documento bancario non coincida co importe do documento de gasto (pagamento agrupado), deberase remitir un detalle dos pagamentos efectuados onde se poida identificar o documento de gasto en cuestión.
9. No caso de axudas concorrentes, verificará que non existe duplicidade de facturas.
10. O beneficiario facilitará ao auditor ou sociedade de auditoría externa documentación para realizar a verificación.

C.- CONTIDO DO INFORME

O informe deberá ter polo menos o contido sinalado no artigo 7 da Orde EHA/1434/200 7, do 17 de maio e fará mención expresa a cada un dos puntos sinalados no apartado anterior.

Ademais do anterior, deberá constar no informe un cadro resumen, indicando o orzamento financiable segundo o convenio, o importe imputado polo beneficiario na documentación xustificativa, o importe realmente xustificado considerando os criterios detallados en cada caso e a cantidade finalmente válida a xuízo do auditor, tendo en conta que non poderá nunca superar ao financiable.

Ademais, explicaranse as diferenzas entre o orzamento acreditado polo beneficiario e o considerado validamente xustificado polo auditor, indicando os motivos destas e o seu importe.

Adicionalmente:

O auditor poderá incluír calquera comentario que ao seu xuízo sexa relevante e engada claridade á análise realizada.





ANEXO III: MODELO DE DECLARACIÓN DE AXUDAS

En relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para as mesmas actuacións obxecto deste convenio.
- Solicitou outras axudas para as actuacións que son obxecto deste convenio.
- É beneficiario doutras axudas para as actuacións que son obxecto deste convenio.

Relación de axudas solicitadas e concedidas:

Actividade para a que se solicita ou concede a axuda (1)	Organismo que concede a axuda	Ano	Axuda Solicitada (2)	Axuda Concedida (2)	Importe Subvencionable (€)	Porcentaxe de concesión	Axuda concedida (€)	Data de concesión	Disposición Reguladora

Así mesmo, a partir da data desta declaración, comprométo-me a comunicar as axudas que obteña e/ou solicite para as mesmas actuacións.

- (1) Especificaranse todas as actividades obxecto deste convenio, incluídas en cada tipo de actuacións
- (2) Sinalo o que proceda

Nome, apelidos e sinatura do representante legal e selo entidade beneficiaria

